CONCELLO DE VIGO

CELEBRACIÓN DE VODAS E CARTAS DE CIDADANÍA NO PAZO-MUSEO QUIÑONES DE LEÓN: MEDIDAS DE PREVENCIÓN FRONTE AO CONTAXIO DE COVID-19

- O aforo da sala de celebración da cerimonia nupcial é de 10 persoas (1), incluíndo contraentes, testemuñas e oficiante. O resto dos invitados deberán permanecer no exterior mantendo entre eles a distancia de seguridade de como mínimo 1,5 m.
- O acceso á sala será graduada, procurando manter a distancia de seguridade interpersoal. Deberán evitarse aglomeracións de persoas nas entradas, saídas e inmediacións do lugar de celebración das cerimonias nupciais.

  Se no momento da súa chegada a sala de cerimonias está ocupada por outro evento deberán esperar na zona da dereita segundo se avanza cara ao pazo, sen aproximarse, ata que este remate e a sala se baleire completamente para evitar confluír coas persoas do outro evento.
- Os asistentes distribuiranse pola sala, na zona situada detrás dos contraentes e testemuñas da forma máis homoxénea posible, mantendo entre eles a distancia de seguridade, salvo no caso de persoas dependentes ou menores que deban estar acompañados.
- O uso de máscara é obrigatorio en todo momento por parte de todos os asistentes, incluídos os contraentes. Estes últimos poderán retirar a máscara unicamente no momento indicado polo oficiante.
- Os asistentes deberán lavar as mans coa solución hidroalcohólica que estará dispoñible no acceso á sala.
- Á sala de sinaturas accederán o oficiante, os contraentes e testemuñas, sempre mantendo entre eles a distancia interpersoal de seguridade. Un dos contraentes poderá ocupar a cadeira, e os demais asinarán mantendo a distancia de seguridade. Cada un dos asinantes utilizará un bolígrafo distinto. Tamén poderán estar presentes na sala, gardando a distancia de seguridade, a persoa que de as instrucións sobre a sinatura e o fotógrafo.
- Limitarase ao menor tempo posible a duración da celebración. Con este fin non se realizarán durante a cerimonia parlamentos dos invitados e familiares. Soamente poderá falar o/a oficiante/a do evento.
- Durante o desenvolvemento da celebración evitarase o contacto persoal, salvo entre os contraentes.
- Unha vez finalizada a cerimonia, os asistentes deberán abandonar a sala de forma ordenada, comezando polas persoas situadas máis cerca da porta e mantendo a distancia de seguridade na medida do posible. Unha vez no exterior, se a continuación está prevista a celebración doutro evento, abandonarase o recinto polo corredor da dereita para facilitar o acceso dos asistentes a seguinte cerimonia.

(1) ORDE do 14 outubro de 2020 pola que se establece unha medida de prevención específica como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia.